

FOLLA DE INSCRICIÓN SOCIO/A DA ANPA E
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
CURSO 2021-2022

ANPA da SIONLLA
CEIP Arquitecto Casas Novoa
A Sionlla de Abaixo, 10 – Enfesta
Santiago de Compostela-A Coruña
anpa.sionlla@gmail.com
<http://anpadasionlla.mozello.es/>
 **Anpa da Sionlla**

X	Desexo ser socio da Anpa da Sionlla_CEIP Arquitecto Casas Novoa e autorizo o cobro da cota anual correspondente.
	Participamos nas actividades extraescolar indicadas a continuación (marcar si participa)

DATOS DA FAMILIA (TITOR/A E FILLAS/OS NO CENTRO):

NOME E APELIDOS:			DNI:	
ENDEREZO:				
TELÉFONO FIXO:		MOVIL:		
CORREO ELECTRÓNICO: (letra moi clara)				
ALUMNA/O:				
ALUMNA/O:				
ALUMNA/O:				

DATOS BANCARIOS: IMPRESCINDIBLES PARA DAR VALIDEZ A SOLICITUDE

TITULAR DA CONTA

IBAN	ENTIDADE	OFICINA	DC	Nº CONTA
------	----------	---------	----	----------

[illegible]

De acordo coa presente cláusula, a **ANPA da Sionlla** solicita o consentimento a _____, con DNI _____, para o tratamento dos seus datos persoais segundo o disposto no artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/679 informándoo/a de que o tratamento dos seus datos ten como base a súa solicitude de incorporación nesta asociación.

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámolo/la de que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento SOCIAS/OS, coa finalidade de xestión de actividades asociativas.

- ☐ Autorizo o envío por correo electrónico de comunicacións informativas
- ☐ Autorizo a publicación de imaxes en redes sociais e páxina web da ANPA, en relación coas actividades en que participa o seu fillo ou filla.

Os seus datos serán cedidos á empresa *Actividades Lúdicas de Galicia SL (ACTEX)*, como organizadora das actividades extraescolares e as entidades bancarias para a domiciliación de pagamentos.

Os datos proporcionados conservaranse mentres permaneza de alta como asociado/a, ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Poderá exercer os dereitos de OPOSICIÓN, ACCESO, RECTIFICACIÓN, LIMITACIÓN, SUPRESIÓN E PORTABILIDADE mediante escrito dirixido a anpa.sionlla@gmail.com, acompañando fotocopia de DNI ou no seu defecto documento que acredite a súa debida identidade.

En Santiago, a _____ de _____ de 2021

Sinatura: _____



ANPA da SIONLLA
CEIP Arquitecto Casas Novoa
A Sionlla de Abaixo, 10 – Enfesta
Santiago de Compostela-A Coruña
anpa.sionlla@gmail.com
<http://anpadasionlla.mozello.es/>
 [Anpa da Sionlla](#)

Estimadas familias:

Adxuntamos información das actividades extraescolares propostas pola ANPA en colaboración coa Federación de Anpas Compostela, e organizadas pola empresa ACTIVIDADES LÚDICAS GALICIA (GRUPO ACTEX), e axustadas á situación actual sanitaria, a disponibilidad de espazos onde realizalas e á limitación de grupos. O protocolo de actuación e desenvolvemento das actividades foi aprobado en Consello Escolar na súa sesión extraordinaria celebrada o 06/10/2021, co fin de cumprir coa normativa vixente, poderdes e debedes consultalo na páxina web da ANPA: http://anpadasionlla.mozello.es//NORMATIVAS/CURSO2021_2022.

As familias participantes comprométese a cumprir a normativa vixente e recollida no dito protocolo, así como a ENQUISTA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19 publicada no Anexo I do PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022, e que vai adxunta nesta solicitude, **deben entregala cuberta e firmada xunto coa matrícula** todas as familias que participen en actividades.(se soamente vos asociades á Anpa sen actividades non fai falla cubrila).

- PREZO POR ACTIVIDADE: 13,50€/MES (EXCEPTO LUDOTECA) -

Este programa está limitado ós espazos disponibles para facer as actividades e pode sufrir mudanzas unha vez que se saiba o número de alumnado de cada actividade, e poderían aumentar ou diminuír os días e grupos de cada actividade.

As actividades e prezos (excepto ludoteca) son para un día á semana, debido á limitación de espazos, pero unha vez configurados os grupos, si é posible, verase a posibilidade de facer dous días á semana da mesma actividade para algúns grupos, caso de judo, que xa se viña facendo así, polo tanto, si estades interesados en esa opción, marcade esta casilla:

☐ **ACEPTO REALIZAR A ACTIVIDADE DOUS DÍAS Á SEMANA (EXCEPTO LUDOTECA) PREVIO AVISO DE ACTEX, ASUMINDO O NOVO CUSTE POR DOUS DÍAS (22,00 €/MES).**

NOME E APELIDOS ALUMNO/A:			
CURSO _____ INFANTIL		CURSO _____ PRIMARIA	
JUDO ☐	PINTURA ☐	TEATRO ☐	XADREZ ☐
NOME E APELIDOS ALUMNA/O:			
CURSO _____ INFANTIL		CURSO _____ PRIMARIA	
JUDO ☐	PINTURA ☐	TEATRO ☐	XADREZ ☐
NOME E APELIDOS ALUMNA/O:			
CURSO _____ INFANTIL		CURSO _____ PRIMARIA	
JUDO ☐	PINTURA ☐	TEATRO ☐	XADREZ ☐
Observacións de especial interese (alerxias, minusvalías ou adaptacións necesarias) para cada un dos inscritos:			

Firma do pai/nai ou titor/-a: _____

PROGRAMA ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2021_2022

O grupo e día de actividade para cada alumno determinarase en función dos grupos a organizar, será comunicado por ACTEX unha vez se organice todo o alumnado, por iso na solicitude non é preciso indicar que día se vai participar.

Se non houberse un número mínimo de participantes nalgũa actividade ou grupo, esta deixaría de ofertarse. En todo caso, poñeríamonos en contacto coas familias para informalas e permitir que poidan cambiar a matrícula para outra actividade.

O número de prazas de cada actividade está limitado en función do espazo dispoñible dos locais, do número de días que se imparten e da idade dos participantes, e para este curso según as limitacións expostas no protocolo, inicialmente o grupo máximo sería de 12 alumnos/as.

Respectarase o orde de inscrición para conformar os grupos, e creárase unha listaxe de agarda se o número de inscritos excede a capacidade programada para cada actividade, e así ir cubrindo prazas se se producen baixas dos inscritos.

FORMA DE PAGAMENTO

O sistema de facturación e cobro das Actividades Extraescolares e cota da Anpa é a través de domiciliación bancaria na conta que indiquedes por parte de ACTEX. Os cobros realizaranse do 1 ó 10 de cada mes. O prezo da actividade é igual todos os meses (con independencia dos días lectivos ou non lectivos que teña ese mes). Neste primeiro recibo cobrarase o mes de novembro e a parte proporcional do mes de outubro.

Se nalgún momento queredes dar de baixa o voso/a fillo/a nalgũa actividade, tedes que facelo antes do día 20 do mes anterior, poñéndovos en contacto coa empresa. De non ser así procederase á súa facturación.

En caso de devolución do recibo bancario correspondente á cota da Anpa ou ó pagamento de actividades, deberán aboarse tamén as comisións bancarias provocadas pola devolución do recibo.

As familias con débedas pendentes de cursos anteriores (cota Anpa, actividades, gastos bancarios, etc...) han de liquidar os pagamentos pendentes para poder inscribirse neste novo curso nas actividades, do contrario a súa solicitude será rexeitada.

Participar nunha actividade leva aparelado o pago da cuota de socio da Anpa, este cobro realizarase no mes de decembro de 2021, no mesmo recibo das actividades dese mes, se procede.

Se algunha familia desexa ser socia da Anpa, pero non quere participar nas actividades, debe cumprimentar a primeira folla cos datos da familia e datos bancarios.

Por acordo na Asemblea Xeral Ordinaria do 26 de maio de 2021 a cota anual da Anpa mantense en 15,00€ por familia, independentemente do número de fillos ou fillas escolarizados/as no centro.

FORMA DE CONTACTO COA EMPRESA

Para calquera consulta ou dúbida sobre as actividades podedes poñervos en contacto coa empresa ACTIVIDADES LÚDICAS GALICIA (grupo ACTEX) no teléfono 691 475 060 (preguntar por Verónica) en horario de 09:30 a 13:30 e de 16:00 a 19:00 ou no seguinte enderezo de correo electrónico: santiago@actex.es.

OUTRAS INFORMACIÓNS

Todas estas actividades comezarán a partir do día 25 de OUTUBRO e rematarán o 31 de MAIO. O horario de desenvolvemento das mesmas é de 13:25 a 14:15 no primeiro turno e de 14:25 a 15:15 no segundo turno.

Todos os participantes en actividades que organice a empresa Actividades Lúdicas Galicia, SL (Grupo Actex) terán un seguro de accidentes que vai incluído no prezo da actividade.

Rogamos igualmente que todas as familias indiquen un correo electrónico de contacto (letra moi clara), xa que a forma habitual de contacto da Xunta Directiva da Anpa coas familias socias será o correo electrónico. Deste modo poderemos facervos chegar a información dunha maneira máis axeitada e rápida, e así tamén evitar o gasto de papel en fotocopias. O grupo de correos actualízase cada curso cos datos das familias socias da Anpa, non manténdose os contactos do curso anterior.

Achegámosvos a FOLLA DE INSCRICION para cumprimentar e entregar ata o **luns 18 de Outubro de 2021** no centro ou enviala por correo electrónico a santiago@actex.es

SOLICITUDE AULA DE XOGOS – LUDOTECA

A actividade de ludoteca ou aula de xogos organízase en conxunto a través da Federación de Anpas Compostela, por iso o formato indica datos ó respecto da Federación, pero a tramitación e xestión é igual ó resto das actividades organizadas por Actex. Pódense incluír ata dous irmáns na mesma solicitude. Esta actividade está suxeita a unha subvención da Deputación da Coruña, que xa está incluída no prezo final que pagan as familias.

A Xunta Directiva a Anpa

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
SALA 1	13:25 a 14:15	PINTURA	PINTURA		XADREZ	XADREZ
		GRUPO 1	GRUPO 2		GRUPO 1	GRUPO 2
		3º A 6º PRIMARIA				
	14:25 a 15:15	LUDOTECA	LUDOTECA	LUDOTECA	LUDOTECA	XADREZ
		4º INFANTIL	5º e 6º INFANTIL	4º INFANTIL	5º e 6º INFANTIL	1º - 2º PRIMARIA

SALA 2	13:25 a 14:15	JUDO	JUDO	JUDO	TEATRO	TEATRO
		GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3	GRUPO 1	GRUPO 2
		3º A 6º PRIMARIA				
	14:25 a 15:15	JUDO	JUDO	JUDO	PINTURA	PINTURA
		GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3	GRUPO 1	GRUPO 2
		INFANTIL E 1º e 2º PRIMARIA			1º e 2º PRIMARIA	

LUDOTECA – AULA DE XOGOS

(4º-5º-6º INFANTIL - Prezos e días na folia de inscrición)

Desenvolverase cada día unha actividade distinta, rotando de día, de semana en semana. Serán as seguintes: Obradoiros medioambientais e ciencia divertida – Artes plásticas e manualidades – Xogos mesa - Cine e animación a lectura

TEATRO

(3º - 4º-5º-6º PRIMARIA - XOVES E VENRES – 2 GRUPOS

- Prezo: 13,50 €/mes para un día á semana

Actividade dirixida a estimular a imaxinación dos participantes e a desenvolver as súas capacidades expresivas. A través de diferentes técnicas de expresión corporal traballaranse as habilidades sociais, a autoestima e a seguridade en si mesmos, dende unha perspectiva de igualdade de xénero.

XADREZ (1º – 2º PRIMARIA – VENRES - // 3º – 4º - 5º -6º PRIMARIA XOVES E VENRES – 2 GRUPOS - Prezo: 13,50 €/mes para un día á semana) O xadrez é unha disciplina de interese como ferramenta pedagóxica, facilita as capacidades cognitivas e a aprendizaxe de disciplinas como as matemáticas e a lectura, estimula habilidades sociais e as capacidades de atención e concentración. De forma divertida os nenos e nenas aprenderán as diferentes técnicas do xadrez utilizando soporte informático e diversos materiais en formato audiovisual coma en papel. Realizaranse torneos por parellas fomentado o respecto polo contrincante e ensinando ós nenos e nenas a tomar decisións en cada partida.

PINTURA (1º – 2º PRIMARIA – XOVES E VENRES – 2 GRUPOS - // 3º – 4º - 5º -6º PRIMARIA LUNS E MARTES– 2 GRUPOS - Prezo: 13,50 €/mes para un día á semana) - **Cota inicial de 21,00 € para material:** pintura, lapis, pinceis. O alumno ou alumna deberá levar o caderno de pintura e o lenzo cando llo pida a monitora.)

Neste obradoiro pretendemos acercar os participantes ás diferentes técnicas de debuxo/pintura (carboncillo, oleo sobre lenzo, acuarela...) desenvolvemento a súa creatividade. Coa axuda de diversas técnicas coñeceremos e experimentaremos co espazo, a forma, o volume, a cor, as texturas, a composición, etc. Descubriremos as novas posibilidades de expresión que nos ofrecen os distintos tipos de materiais cós que contaremos.

JUDO : INFANTIL, 1º E 2º PRIMARIA – LUNS- MARTES – MÉRCORES - 2 OU 3 GRUPOS - Prezo 13,50 € para un día á semana

3º – 4º - 5º -6º PRIMARIA - LUNS – MARTES – MÉRCORES – 2 OU 3 GRUPOS : Prezo 13,50€/mes para un día á semana

A actividade de judo é entendida como complemento para o desenvolvemento integral do neno ademais de instrumento de defensa, tamén para canalizar a agresividade e aumentar o autocontrol.

Os alumnos que desexen participar en competicións deben pagar a cota federativa e a cota anual do clube que organiza as competicións (uns 42 € anuais en total) e dispoñer do traxe regulamentario. Para recoñecer o grado (cinto) que teñen alcanzado deben abonar a cota marcada pola federación para a tramitación deste e do carné correspondente (aproximadamente 10 € por cada subida de cinto). Lémbrese que estes pagos (federación, clube, subida de cinto) só son obrigatorios no caso de participar en competicións. Se non desexan participar en competicións, é suficiente o pagamento do prezo mensual da actividade.

PATINAXE - BAILE GALEGO - BAILE MODERNO

Estas actividades non se poden ofertar por falta de espazos axeitados onde poder realizalas.

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO SERVIZO DE LUDOTECA – CURSO 2021-2022

CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA – A SIONLLA – SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMACIÓN ORDINARIA DA LUDOTECA			
OBRADOIROS MEDIAMBIENTAIS E CIENCIA DIVERTIDA	ARTES PLÁSTICAS, PINTURA E MANUALIDADES	XOGOS MESA	CINE/ANIMACIÓN Á LECTURA
NOME E APELIDOS ALUMNA/O:			
TITOR/A:		MÓVIL:	
Días que asistirá a ludoteca: ☐ 4º INFANTIL (3 ANOS) - LUNS E MÉRCORES - 2 días (14 €/mes) ☐ 5º INFANTIL (4 ANOS) - MARTES E XOVES - 2 días (14 €/mes) ☐ 6º INFANTIL (5 ANOS) - MARTES E XOVES - 2 días (14 €/mes)			
NOME E APELIDOS ALUMNA/O:			
TITOR/A:		MÓVIL:	
(2º IRMÁ) - Días que asistirá a ludoteca: ☐ 4º INFANTIL (3 ANOS) - LUNS E MÉRCORES - 2 días (14 €/mes) ☐ 5º INFANTIL (4 ANOS) - MARTES E XOVES - 2 días (14 €/mes) ☐ 6º INFANTIL (5 ANOS) - MARTES E XOVES - 2 días (14 €/mes)			
OBSERVACIÓNS DE ESPECIAL INTERESE: alerxias, diversidade funcional, adaptacións necesarias, o que penses que pode ser necesario para facilitar a estada da crianza			

"Os datos que se utilizarán para o cobramento das cotas das ludotecas serán os mesmos que os que facilites para o cobramento das outras actividades que organice a Anpa deste centro".

Coa sinatura deste documento, aceptas doar á FEDERACION GALEGA DE ANPAS "COMPOSTELA", calquera cantidade que che puidese corresponder como consecuencia do reparto da subvención solicitada por esta entidade para o desenvolvemento do servizo de ludoteca, a FANPA COMPOSTELA comprométese a xestionar esta doazón no financiamento doutras actividades dirixidas á comunidade educativa.

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, solicitámoslle os seus datos de carácter persoal, que serán tratados coa finalidade de xestionar os datos identificativos dos participantes nas actividades organizadas pola Federación así como levar a cabo a xestión fiscal, contable e administrativa. Os datos poderán ser cedidos ás empresas coas que a federación contrate a xestión das actividades e servizos, administración tributaria, a bancos e entidades financeiras para a domiciliación de pagos e á xestoría para cumprir coas obrigas fiscais. Os datos proporcionados conservaranse mentres participe nas actividades organizadas ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais, polo tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa limitación, portabilidade ou supresión cando os datos xa non sexan necesarios.

☐ Autorizo o envío por E-Mail de comunicacións informativas

☐ Autorizo a publicación de imaxes en redes sociais e paxina web da FEDERACIÓN e das empresas coas que contrate as actividades ou servizos.

Poderá exercer os dereitos de OPOSICIÓN, ACCESO, RECTIFICACIÓN, LIMITACIÓN, SUPRESIÓN E PORTABILIDADE mediante escrito dirixido a FEDERACION DE ANPAS COMPOSTELA, Rúa Estocolmo, 8 de Santiago de Compostela acompañando fotocopia de DNI ou no seu defecto documento que acredite a súa debida identidade.

Compostela ____ de ____ de ____

Asdo.: _____

ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a _____ con DNI/NIE _____
_____, como pai/nai/titor/a do alumno/a _____
_____, matriculado no curso _____
_____ do centro CEIP Arquitecto Casas Novoa

☐ DECLARO RESPONSABLEMENTE que coñezo o Plan de continxencia para as Actividades Extraescolares organizadas pola ANPA do CEIP Arquitecto Casas Novoa para este curso 2021/2022 e comprométome a cumprir coas normas, medidas e procedementos recollidas neste Plan.

☐ Comprométome a realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 o/a alumno/a e a NON enviálo a/ao centro nin a ningunha actividade extraescolar e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso de presentar cando menos un dos síntomas previstos. Asimesmo, comprométome a comunicarlle estas circunstancias ao Equipo Covid do centro.

☐ Comprométome a seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19 e a comunicárllelo ao Equipo Covid do centro.

En _____, a ____ de _____ de 2021

Asdo: _____